



Memoria funcional da proposta de modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no Corpo Superior de Administración xeral e no corpo Facultativo superior de Administración especial (subgrupo A1); no Corpo de Xestión de Administración xeral e no Corpo Facultativo de grado medio da Administración especial (subgrupo A2) e na Agrupación profesional de persoal funcionario (subgrupo AP) da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

ANTECEDENTES

A disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e a disposición transitoria segunda do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, establecen as previsións necesarias para facer posible a funcionarización do persoal laboral fixo que realiza funcións ou desempeña postos de traballo de persoal funcionario.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia* regula que o persoal laboral fixo das administracións públicas incluídas no ámbito da súa aplicación que, no momento da entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, estea a realizar funcións ou desempeñe postos de traballo de persoal funcionario, ou pase a realizar as devanditas funcións ou a desempeñar os devanditos postos en virtude de probas de selección ou promoción interna convocadas antes da data sinalada, poderá seguir a realizalas ou desempeñalas.

Así mesmo, dita disposición no seu apartado segundo recolle que o Consello da Xunta de Galicia establecerá, a través das relacións de postos de traballo (RPT), a valoración, clasificación e determinación dos postos de traballo afectados por esta norma, na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.



DESENVOLVEMENTO DO/S PROCESO/S

- **Primeiro. Procedemento para adquisición da condición de persoal funcionario de carreira**

O Decreto 165/2019, do 26 de decembro, establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia. O seu anexo foi modificado polas Ordes do 10 de marzo de 2021 e do 27 de novembro de 2023 da Consellería de Facenda e Administración Pública (Diarios Oficial de Galicia números 61 do 31 de marzo de 2021 e 231 do 5 de decembro de 2023)

- **Segundo. Oferta de Emprego público para os anos 2020 e 2021**

Para dar cumprimento ao establecido na *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia* e na disposición transitoria segunda do *Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público*, **esta administración** incorporou as prazas obxecto de funcionarización nos Decretos 225/2020, de 23 de decembro, e 62/2021, de 8 de abril, polos que se aproban as ofertas de emprego público correspondentes a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2020 y 2021 (Diarios Oficial de Galicia núm. 260, do 29 de decembro de 2020 e núm. 73, do 20 de abril de 2021)

Admón	Subgrup.	Corpo-escala-especialidade	Decreto 225/2020 Prazas	Decreto 62/2021 Prazas
Xeral	A1	Corpo Superior		
		<ul style="list-style-type: none">• Escala de protocolo e relación institucionais	1	
	A2	Corpo de Xestión	39	
	AP	Agrupación profesional		
		<ul style="list-style-type: none">• Escala de persoal subalterno• Escala de persoal de limpeza e cocina e recursos naturais e forestais<ul style="list-style-type: none">○ Especialidade de persoal de recursos naturais e forestais	136	49
Especial	A1	Corpo Facultativo Superior:		
		<ul style="list-style-type: none">• Escala de expertos lingüistas	5	
	A2	Corpo facultativo de grao medio		
		<ul style="list-style-type: none">• Escala de técnicos facultativos:<ul style="list-style-type: none">○ Especialidade de educadores○ Escala técnica de restauración	12	



- **Terceiro. Convocatoria dos procesos**

- **Terceiro.1 Grupo I**

Por Resolución do 26 de abril de 2021 convocouse o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do **corpo superior da Administración Xeral e corpo facultativo superior de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1**, de persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ó grupo I, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico. (DOG núm. 81 de 30 de abril)

Categorías do **grupo I** de persoal laboral da Xunta de Galicia obxecto de funcionarización:

Categoría	Grupo-Categoría	Corpo	Escala especialidade	Subgrupo
Técnico/a de protocolo	I-21	Superior de Admón xeral	Protocolo e relacións institucionais	A1
Titulado/a superior Lingüista	I-40	Facultativo superior de Admón especial	Expertos/as lingüistas	A1

- **Terceiro.2 Grupo II**

Por Resolución do 26 de abril de 2021 convocouse o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do **corpo de xestión da Administración Xeral e corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2**, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ó grupo II, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico. (DOG núm. 81 de 30 de abril)

Categorías do **grupo II** de persoal laboral da Xunta de Galicia obxecto de funcionarización:

Categoría	Grupo-Categoría	Corpo	Escala especialidade	Subgrupo
Director/a residencia...	II-1	Xestión da Admón. xeral	--	A2
Director/a de gardería infantil	II-8	Facultativo grao medio de Admón especial	Educadores	A2
Monitor/a ocupacional	II-21	Xestión da Admón xeral	--	A2
Restaurador/a	II-31	Facultativo grao medio de Admón especial	Restauración	A2



○ **Terceiro.3 Grupo V**

Por Resolución do 12 de maio de 2021 convocouse o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira **da agrupación profesional de persoal funcionario**, do persoal laboral fixo de varias categorías pertencentes ao grupo V, do V convenio colectivo del persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico (DOG núm. 94 de 21 de maio)

Categorías do **grupo V** de persoal laboral da Xunta de Galicia obxecto de funcionarización:

Categoría	Grupo Categoría	Corpo	Escala/especialidade	Subgrupo
Axudante/a traballos u oficios	V-2	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal subalterno	AP
Peón/oa agrario/a	V-8	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais • Esp.: persoal de recursos naturais e forestais	AP
Peón/oa forestal	V-10F	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais. • Esp.: persoal de recursos naturais e forestais	AP
Vixiante de bibliotecas, arquivos e museos	V-10E	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal subalterno	AP
Peón/oa Laborante	V-12	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal subalterno	AP

● **Cuarto. Aspirantes que superaron os procesos selectivos**

○ **Cuarto.1. Subgrupo A1**

Por Resolución de 7 de febreiro de 2022, da comisión encargada de cualificar o proceso para a adquisición da condición de **persoal funcionario de carreira do corpo superior da Administración Xeral e corpo facultativo superior de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1**, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ó grupo I, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico, (DOG núm. 34 de 18 de febreiro), fixo pública a relación de persoas que superaron os procesos de funcionarización do grupo I.

○ **Cuarto.2. Subgrupo A2**

Por Resolución de 7 de febreiro de 2022, da comisión encargada de cualificar o proceso para a adquisición da condición de **persoal funcionario de carreira do corpo de xestión da Administración Xeral e corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2**, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ó grupo II, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico, (DOG núm. 34 de 18 de



febreiro), fixo pública a relación de persoas que superaron os procesos de funcionarización do grupo II.

o **Cuarto.3. Subgrupo AP**

Por Resolución do 7 de febreiro de 2022, da comisión encargada de cualificar o proceso para a adquisición da condición de **persoal funcionario de carreira da agrupación profesional de persoal funcionario** polo persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo V, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico, fixo pública a relación de persoas que superaron os procesos de funcionarización do grupo V (DOG núm. 34 de 18 de febreiro).

No Dog nº 125 do 1 de xullo de 2022, publicouse a Resolución do 17 de xuño de 2022, da comisión designada para xulgar o proceso para a adquisición da condición de **persoal funcionario de carreira da agrupación profesional de persoal funcionario**, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo V do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico, convocados polas resolucións do 7 de febreiro de 2020 (Diario Oficial de Galicia número 32, do 17 de febreiro) e 12 de maio de 2021 (Diario Oficial de Galicia número 94, do 12 de maio); fixo pública a relación de persoas que superaron os procesos de funcionarización do grupo V.

• **Quinto. A relación de postos de traballo**

O Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, recolle que os postos clasificados como de persoal funcionario de carreira ou como de persoal laboral susceptible de selo como de persoal funcionario de carreira, debe estar aprobada con anterioridade á toma de posesión como persoal funcionario de carreira.

En desenvolvemento do procedemento establecido no decreto, esta Dirección Xeral da Función Pública elaborou a presente modificación de relación de postos de traballo da Administración Xeral e tamén da Administración Especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia determinando previamente aqueles postos de persoal laboral da Xunta de Galicia afectados polo proceso de funcionarización.

Para a determinación dos postos susceptibles de seren clasificados como de persoal funcionario, tívose en conta o artigo 6 do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, que establece o seguinte:

“Clasifícaranse como de persoal funcionario os postos de traballo definidos actualmente nas respectivas RPT como de adscrición de persoal laboral dalgunha das categorías recollidas no anexo desta norma.



A clasificación como de persoal funcionario realizarase no corpo, escala ou especialidade previsto como equivalente no mencionado anexo”.

Tívoise en conta tamén o disposto na Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública do 27 de novembro de 2023 que modificou o Decreto 165/2019, do 26 de decembro, que establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia (Dog nº 231 do 5 de decembro); que establece a equivalencia entre as correspondentes categorías profesionais do persoal laboral e as correspondentes escalas do persoal funcionario.

- **Quinto 1. Postos a clasificar no subgrupo A1 que comprende a presente RPT**

A presente modificación de relación de postos de traballo comprende un total de **6 postos** de persoal laboral fixo que superou os procesos correspondentes.

Postos a clasificar no subgrupo A1:

Denominación posto	Grupo (categoría)	Corpo (grupo-subgrupo)	Escala especialidade	Nº de postos
Técnico/a de protocolo	I (21)	Superior Admón xeral (A1)	Protocolo e relacións institucionais	1
Titulado/a superior Lingüista	I (40)	Facultativo superior Admón especial (A1)	Expertos/as lingüistas	5
			Total	6

- **Quinto 2. Postos a clasificar no subgrupo A2 que comprende a presente RPT**

A presente modificación de relación de postos de traballo comprende un total de **61 postos** que, ademais dos **15 postos** do persoal laboral fixo que superou os procesos correspondentes, inclúe tamén outros **46 postos** de persoal laboral que tamén son obxecto de funcionarización, e que poden corresponderse con:

- Postos de traballo ocupados por persoal laboral fixo que non superou o proceso, e que manteñen a ocupación como persoal laboral fixo.
- Postos de traballo vacantes ou ocupados por persoal laboral temporal e indefinido non fixo que continuarán desempeñando as súas funcións nos postos que viñan ocupando, nas mesmas condicións e situación, ata que se leve a cabo o establecido na disposición transitoria primeira bis da *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia*, logo do remate dos procesos de funcionarización que se convoquen ao abeiro das ofertas de Emprego dos anos 2018, 2019, 2020 e 2021.
- Postos cuxos ocupantes superaron os procesos de funcionarización pero que se xubilaron antes do nomeamento como persoal funcionario.
- Postos cuxos ocupantes están en excedencia voluntaria por incompatibilidade



- Postos de persoas aprobadas que están en adscripción provisional (superior categoría ou causas de saúde)

Postos a clasificar no subgrupo A2:

Denominación posto	Grupo (categoría)	Corpo (grupo-subgrupo)	Escala especialidade	Nº de postos
Director/a Casa da Xuventude	II-1	Facultativo de grao medio (A2)	Técnicos facultativos	5 (*)
Encargado/a de Establecemento	II (1)	Xestión da Admón. Xeral (A2)	--	1 (**)
Preceptor/a	II (1)	Xestión da Admón. Xeral (A2)	--	3
Xefatura de Servizo Administrativo	II (1)	Xestión da Admón. Xeral (A2)	--	2
Secretario/a de Residencia	II (1)	Xestión da Admón. Xeral (A2)	--	1
Monitor/a ocupacional	II (21)	Xestión da Admón xeral (A2)	--	4
Director/a Escola Infantil	II (8-40)	Facultativo grao medio de Admón especial (A2)	Técnicos facultativos • Esp. Educador infantil	25
Restaurador/a	(II-31)	Facultativo grao medio de Admón especial (A2)	Técnica de restauración	9
Mestre/a especialista en educación Infantil	II (40)	Facultativo grao medio de Admón especial (A2)	Técnicos facultativos • Esp. Educador infantil	11
			Total	61

(*) Postos a funcionarizar cuxa clasificación **no Corpo Facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de técnicos facultativos nivel 20** foi establecida por *Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de febreiro de 2022 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia correspondente á administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as clasificacións na escala de facultativos (especialidades de medicina, psicoloxía, pedagogía), escala técnica de facultativos (especialidades de enfermaría, educadores, fisioterapia, traballo social, terapeuta ocupacional), escala de axentes técnicos facultativos (especialidade de educación infantil) e escala de auxiliares de clínica; así como a modificación da relación de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia referente ao proceso de funcionarización, aprobada polo Acordo do 24 de xuño de 2021 (Dog n° 36 do 22 de febreiro de 2022)*

(**) Posto de Encargado/a de Establecemento no Complexo Deportivo Monterrei (CP PX4994050132570115) en Ourense, ocupado por PMML con carácter definitivo. A este persoal por sentenza n° 45/09 do Xulgado do Social número dous de Ourense, lle foi reclasificada a categoría profesional de Encargado/a de establecemento (grupo III, categoría 5) a Director de centro (grupo II, categoría 1). Consta no expediente a correspondente sentenza.



- **Quinto 3. Postos a clasificar na agrupación profesional de persoal funcionario que comprende a presente RPT**

A presente modificación de relación de postos de traballo comprende un total de **280 postos** que, ademais dos **98 postos** do persoal laboral fixo que superou os procesos correspondentes, inclúe tamén outros **182 postos** de persoal laboral que tamén son obxecto de funcionarización, e que poden corresponderse con:

- Postos de traballo ocupados por persoal laboral fixo que non superou o proceso, e que manteñen a ocupación como persoal laboral fixo.
- Postos de traballo vacantes ou ocupados por persoal laboral temporal e indefinido non fixo que continuarán desempeñando as súas funcións nos postos que viñan ocupando, nas mesmas condicións e situación, ata que se leve a cabo o establecido na disposición transitoria primeira bis da *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia*, logo do remate dos procesos de funcionarización que se convoquen ao abeiro das ofertas de Emprego dos anos 2018, 2019, 2020 e 2021.
- Postos cuxos ocupantes superaron os procesos de funcionarización pero que se xubilaron antes do nomeamento como persoal funcionario.
- Postos cuxos ocupantes están en excedencia voluntaria por incompatibilidade
- Postos de persoas aprobadas que están en adscripción provisional (superior categoría ou causas de saúde)

Postos a clasificar na agrupación profesional:

Denominación posto	Grupo (categoría)	Corpo	Escala especialidade	Postos
Axudante (mantemento)	V (2)	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal subalterno Persoal de mantemento	8
Axudante/a albanel	V (2)	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal subalterno Persoal de mantemento	1
Axudante traballos ou oficios	V (2)	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal subalterno Persoal de mantemento	2
Encargado/a de Xardín	V (2)	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal subalterno Persoal de mantemento	4
Peón/oa especialista (**)	V (2)	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal subalterno Persoal de mantemento	2
Peón/oa especializado/a (**)	V (2)	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal subalterno Persoal de mantemento	21
Mozo/a (**)	V (12)	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal subalterno Persoal de mantemento	11



Denominación posto	Grupo (categoría)	Corpo	Escala especialidade	Postos
Mozo/a de Laboratorio (**)	V (12)	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal subalterno Persoal de mantemento	2
Mozo/a de Mantemento (**)	V (12)	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal subalterno Persoal de mantemento	3
Mozo/a Servizos (**)	V (12)	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal subalterno Persoal de mantemento	7
Peón/oa (**)	V (2,12)	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal subalterno Persoal de mantemento	41
Peón/oa Xardineiro/a (**)	V (2-12)	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal subalterno Persoal de mantemento	1
Peón/oa Agrario/a	V (12)	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal de limpeza e recursos naturais e forestais • Esp.: persoal de recursos naturais e forestais	22 (**)
Peón/oa Agrario/a	V (2,8,12)	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal de limpeza e recursos naturais e forestais • Esp.: persoal de recursos naturais e forestais	
Peón/oa Agrario/a	(8)	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal de limpeza e recursos naturais e forestais • Esp.: persoal de recursos naturais e forestais	
Xardiñeiro/a (**)	V (12)	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal subalterno Persoal de mantemento	3
Vixiante de Arquivos, Bibliotecas e Museos	V (10E)	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal subalterno	54
Peón/oa Forestal	V (10 F)	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal de limpeza e recursos naturais e forestais • Esp.: persoal de recursos naturais e forestais	97
Peón/oa Forestal (Capelada)	V (10 F)	Agrupación profesional de persoal funcionario	Persoal de limpeza e recursos naturais e forestais • Esp.: persoal de recursos naturais e forestais	1
			TOTAL	280

(**) Inclúe postos de traballo de Peón/oa Agrario/a abertos ao grupo V e a unha ou varias categorías (2, 8 e 12).



A Orde do 27 de novembro de 2023 modificou o Decreto 165/2019, do 26 de decembro, que establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia (Dog nº 231 do 5 de decembro). Estes postos de persoal laboral de Peón/oa Agrario/a ten como equivalencia a Agrupación profesional de persoal funcionario, escala de Persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de persoal de recursos naturais e forestais.

() Postos a clasificar na escala de persoal subalterno e de mantemento**

A Orde do 10 de marzo de 2021 modificara o anexo do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia (Dog nº 61 do 31 de marzo)

Esta orde do 10 de marzo de 2021, establecía as seguintes equivalencias:

Categoría profesional persoal laboral	Escala persoal funcionario equivalente
<ul style="list-style-type: none">V-02: axudante/a traballos ou oficios. Axudante albanel. mantemento. Peón/oa especializado/a. Fontaneiro/a. Axudante/a. Hortelá/n axudante de traballos. Encargado/a xardínV-12: peón/oa, laborante, varredor/a, mozo/a servizos, mozo/a laboratorio, xardineiro/a, mozo/a transportes, peón/oa xardineiro/a, mozo/a subalterno, mozo/a mantemento/a, mozo/a subalterno	<p>Agrupación profesional do persoal funcionario da Administración xeral da CA de Galicia</p> <ul style="list-style-type: none">Escala de persoal subalterno

A Lei 5/2022, do 21 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Nº 243 do 23 de decembro), modificou o cadro do número 3.ter da disposición adicional oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e **creou a escala de persoal de mantemento da agrupación profesional de persoal funcionario.**

Posteriormente a Orde do 27 de novembro de 2023 modificou o Decreto 165/2019, do 26 de decembro, que establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia (Dog nº 231 do 5 de decembro).

Esta orde do 27 de novembro de 2023 establece as seguintes equivalencias:

Categoría profesional persoal laboral	Escala persoal funcionario equivalente
<ul style="list-style-type: none">V-02: axudante/a traballos ou oficios. Axudante albanel. mantemento. Peón/oa especializado/a. Fontaneiro/a. Axudante/a. Hortelá/n axudante de traballos. Encargado/a xardínV-12: peón/oa, laborante, varredor/a, mozo/a servizos, mozo/a laboratorio, xardineiro/a, mozo/a transportes, peón/oa xardineiro/a, mozo/a subalterno, mozo/a mantemento/a, mozo/a subalterno	<p>Agrupación profesional de persoal funcionario da Administración xeral da C.A. de Galicia</p> <ul style="list-style-type: none">Escala de persoal de mantemento



Tendo en conta que estes postos do grupo V (categorías 2 e 12), do V convenio Colectivo de persoal laboral da Xunta de Galicia foron **ofertados e convocados** para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira **da agrupación profesional de persoal funcionario da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia escala de persoal subalterno, subgrupo AP, conforme á equivalencia establecida na anterior Orde do 10 de marzo de 2021, cómpre clasificar, con carácter excepcional, estes postos nas escalas de persoal subalterno e de persoal de mantemento.**

Postos que non forman parte desta RPT:

- **Posto de Mozo/a de Mantemento no Complexo Deportivo Monterrei (CP PX4994050132570112) en Ourense**, ocupado por OGJ con carácter definitivo. A este persoal por Auto nº 118/09 do Xulgado do Social número un de Ourense, lle foi reclasificada a categoría profesional de Mozo/a de Mantemento (grupo V, categoría 12) a Oficial 2ª de Mantemento do (grupo IV, categoría 006). Consta no expediente o correspondente auto. Estes postos formarán parte da funcionarización do subgrupo C2.
- **98 postos de Vixiante Recursos Naturais pertencentes ao grupo V categoría 9 (Celador/a de 2ª Vixiante de recursos naturais)** categoría con equivalencia de persoal funcionario ao Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia- escala de gardas de recursos naturais (subgrupo C2). Estes postos formarán parte da funcionarización do subgrupo C2.
- **Posto de Peón/oa Agrario/a do CIFP "A Granxa" de Pontearreas (CP. EDC994020136420044)** por estar a persoa titular do posto inscrito o 22.01.2024 nun proceso de funcionarización pendente de resolución.
- **Sexto. Quinta RPT de funcionarización**

A presente modificación da relación de postos de traballo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, corresponde á quinta RPT de funcionarización:

A **primeira** foi aprobada por *Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xuño de 2021 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo do persoal laboral da Xunta de Galicia* (DOG nº 120 do 25 de xuño, corrección de erros do DOG nº 152 do 10 de agosto).

A **segunda** foi aprobada por *Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de febreiro de 2022 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia correspondente á administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as clasificacións na escala de facultativos (especialidades de medicina, psicoloxía, pedagogía), escala técnica de facultativos*



(especialidades de enfermaría, educadores, fisioterapia, traballo social, terapeuta ocupacional), escala de axentes técnicos facultativos (especialidade de educación infantil) e escala de auxiliares de clínica; así como a modificación da relación de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia referente ao proceso de funcionarización, aprobada polo Acordo do 24 de xuño de 2021. 2021 (Dog n.º 36 do 22 de febreiro, corrección de erros Dog n.º 53 do 17 de marzo)

A **terceira** foi aprobada por *Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 20 de abril de 2023 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación na Agrupación profesional do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais (especialidade de persoal de limpeza e cociña) (Dog n.º 78 do 24 de abril)*

A **cuarta** foi aprobada por *Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de maio de 2023, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo do persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación na escala técnica do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, especialidade de bombeiro/a forestal xefe/a de brigada, do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, do grupo B; na escala auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, especialidades de bombeiro/a forestal-condutor/a de motobomba, emisorista-vixilante fixo/a e bombeiro/a forestal, do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial, subgrupo C2; e no corpo auxiliar de Administración xeral, subgrupo C2 (Dog n.º 101 do 30 de maio)*

- **Sétimo. Clasificación dos postos**

Procederáse á clasificación completa dos postos de persoal laboral como de persoal funcionario dentro do seo da negociación correspondente.

O director xeral da Función Pública. José María Barreiro Díaz

